Vol. **18** 2015 ISSN 1138-9664 ISSN-e 1988-3285

Madrygal

Revista de Estudios Gallegos

Centro de Estudos Galegos. Facultad de Filología

PUBLICACIONES UNIVERSIDAD COMPLUTENSE DE MADRID

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664 Vol. 18 2015

Sumario

Artigos

Relaciones de poder y memoria de un linaje. La intervención de la Casa de Moscoso en la Compostela de los siglos XIV-XVI
Carlos J. Galbán Malagón 13-31

Ficción y documentación en Hombre sin nombre *(2006) de Suso de Toro*
José Manuel González Herrán 33-44

Manuel Murguía e Rosalía de Castro nos inicios como escritora de Narcisa Pérez Reoyo
Teresa López 45-57

De Irlanda a Iberia: notas para a tradución de Eiléan Ní Chuilleanáin do inglés ao galego
Kathleen March 59-72

Linguas en contacto na escrita electrónica galega: entre a Sociolingüística e a Pragmática
Estefanía Mosquera Castro 73-82

Franquismo e literatura galega: Non Chores, Sabeliña*, a primeira obra da literatura galega de Posguerra. Entre o populismo e o rexoubeirismo*
Xulio Pardo de Neyra 83-95

Leopoldo María Panero e Lois Pereiro: poéticas da transgresión
Laura Piñeiro Pais 97-110

As categorías non verbais. Análise dunha narración oral en galego
Aitor Rivas 111-121

Identidade sentimental, historia e política en A vila sulagada *de Daniel Cortezón*
Santiago Sanjurjo Díaz 123-135

Raíñas de pedra*: unha revisión humanizadora da vida e morte de Inés de Castro*
Soraya Suárez Quintas 137-146

A noite branca*, entre o documental e o ficcional: a memoria silenciada da División Azul*
Dolores Vilavedra 147-155

La etapa formativa de Picasso en Galicia
Inmaculada Zurrón López 157-161

Varia

"Danza da lúa en Santiago". Suxerencias para unha aproximación a Federico García Lorca, poeta galego (1985)
María Victoria Moreno e Xesús Alonso Montero (nota introdutoria) 163-173

Análise poética integral de "Negra sombra"
Xosé Azar 175-183

Lagartos na sombra (Miserias de poeta)
Modesto Hermida 185-192

Carta inédita de Celso Emilio Ferreiro
Claudio Rodríguez Fer 193-194

Corpos roubados
Raquel Vila Amado 195-196

Crónica

Manuel Rodríguez Alonso e a "tremenda loita" contra o españolismo lingüístico
Francisco Fernández Rei 197-200

Filgueira Valverde en zapatillas
Ángeles Filgueira Iglesias 201-204

Carta a mi abuelo
Jorge Urrea Filgueira 205

2015, ano ventureiro para os estudos madrigalegos
Lidia López Teixeiro 207-212

Patrimonio cultural galego na Real Biblioteca do Escorial. Crónica dun reencontro
Ricardo Pichel Gotérrez 213-214

Creación

LÍRICA

Poemas da miña vellez
Xosé Azar 215-218

Fotos de familia
Manuel Forcadela 219-225

Poemas
Gonzalo Hermo 227-228

Escolma
Elías Portela vs. Elías "Knörr" 229-234

Poemas
Claudio Rodríguez Fer 235-237

Poemas
Lara Rozados 239-241

Poemas
Lidia Teixeiro 243-244

NARRATIVA

O crego harmónico
Xavier Alcalá 245-246

As dúas mais do Sandro
Xavier Frías Conde 247-248

Procurando unha ollada lila
Noelia Gómez Calvo 249

Non só a lingua, tamén a inútil desobediencia nos achega ao que non somos
Antonino Nieto Rodríguez 251-253

Relatos
Begoña Paz 255-259

O solpor do fracaso
Laura Piñeiro Pais 261

O vestido vermello da avoa Carmen
Vanesa Rodríguez Tembrás 263-266

Relatos
Domingo Villar 267-268

TEATRO

Atracos
Roi Vidal 269-275

Tradución

Konstantinos Jatzopoulos: "Non busco o alleo"
Victoria Leng 277-278

"O último verán" de Mauro Corona
Alessandro Zamengo, Giada Giacomel e Giulia Scalco 279-285

Entrevista

Úrsula Heinze. Viaxe ao real
Lidia Teixeiro 287-291

Recensións

Luna Alonso, Ana *et al.* (2015) (eds.): *Literaturas extrajeras y desarrollo cultural: hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega*
Lúa Cruz Fernández 293-295

Fernández Naval, Francisco X. (2014): *O soño galego de Julio Cortázar*
María Curros Ferro 295-297

VV.AA. (2013): *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, nº 15
Alba Diz Villanueva 297-298

Acuña, Ana (ed.) (2014): *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*
Alba Diz Villanueva 298-299

López Casanova, Arcadio (2014): *As voces da máscara (2006-2014)*
Modesto Hermida 299-302

Reimóndez, María (2009): *Pirata*
Ánxela Lema París 302-303

Llorca, Jorge (2014): *O violín de Rembrandt*
Xosé Antonio López Silva 303-304

Yáñez Jato, Rafael (2015): *Farewell*
Lidia López Teixeiro 304-305

Quintiá, Xerardo (2015): *O viaxeiro radical*
Lidia López Teixeiro 305-306

Fernández Paz, Agustín (2014): *A viaxe de Gagarin*
Lidia López Teixeiro 306-307

Alonso Montero, Xesús (2013): *Ricard Salvat (1934-2009) e o teatro galego*
Clara Isabel Marín García 308-309

Ramos, Baldo (2014): *Cartografía do exilio*
Isabel Mociño González 310-311

García Vega, Lucía (2014): *Rosalía de Castro e os lugares de Cantares gallegos*
Laura Piñeiro Pais 311-313

González Fernández, Helena e Cebreiro Rábade, María do Cebreiro (2012): *Canon y subversión. La obra narrativa de Rosalía de Castro*
Sebastian Stratan 313-315

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664 Vol. 18 2015

Contents

Articles

Territorial Power and the History of a Lineage. The Intervention of the House of Moscoso in Santiago de Compostela from the 14th to the 16th Century
Carlos J. Galbán Malagón 13-31

Fiction and Documentation in Suso de Toro's Hombre sin nombre
José Manuel González Herrán 33-44

Manuel Murguía and Rosalía de Castro in her Early Stages as Narcisa Pérez Reoyo's Work
Teresa López 45-57

Ireland to Iberia: Translating Eiléan Ní Chuilleanáin from English to Galician
Kathleen March 59-72

Language Interaction in Galician Electronic Writing. A Sociolinguistic and Pragmatic Approach
Estefanía Mosquera Castro 73-82

Franco's Regime and Galician Literature: Non chores, Sabeliña*, the first Galician Literary Work during the Postwar Period. Between the populism and the "rexoubeirismo"*
Xulio Pardo de Neyra 83-95

Leopoldo María Panero and Lois Pereiro: Poetics of Transgression
Laura Piñeiro Pais 97-110

Non-Verbal Categories. Analysis of an Galician Oral Narrative
Aitor Rivas 111-121

Sentimental Identity, History and Politics in Daniel Cortezón's A vila sulagada
Santiago Sanjurjo Díaz 123-135

Raíñas de pedra*: a Humanizing Review of Inés de Castro's Life and Death*
Soraya Suárez Quintas 137-146

A noite branca*, between the Documentary and Fictional: the Silenced Account of the Blue Division*
Dolores Vilavedra 147-155

The Formative Stage of Picasso in Galicia
Inmaculada Zurrón López 157-161

Varia

"Danza da lúa en Santiago". Suggestions for an Approach to Federico Garcia Lorca, Galician Poet (1985)
María Victoria Moreno and Xesús Alonso Montero (introductory note) 163-173

Full Poetry Analysis of "Negra sombra"
Xosé Azar 175-183

Lizards in the Shade (Poetic Miseries)
Modesto Hermida 185-192

Celso Emilio Ferreiro's Unpublished Letter
Claudio Rodríguez Fer 193-194

Stolen Bodies
Raquel Vila Amado 195-196

Chronicle

Manuel Rodríguez Alonso and the "Tremendous Struggle" against Spanish Linguistic Imperialism
Francisco Fernández Rei 197-200

Filgueira Valverde in Slippers
Ángeles Filgueira Iglesias 201-204

Letter to my grandfather
Jorge Urrea Filgueira 205

2015, Prosperous Year for Madrid's Galician Community Studies
Lidia López Teixeiro 207-212

Galician Cultural Heritage in the Royal Library of El Escorial. Chronicle of a Reencounter
Ricardo Pichel Gotérrez 213-214

Creation

LYRIC

Poemas da miña vellez
Xosé Azar 215-218

Fotos de familia
Manuel Forcadela 219-225

Poems
Gonzalo Hermo 227-228

Selection
Elías Portela vs. Elías "Knörr" 229-234

Poems
Claudio Rodríguez Fer 235-237

Poems
Lara Rozados 239-241

Poems
Lidia Teixeiro 243-244

NARRATIVE

O crego harmónico
Xavier Alcalá 245-246

As dúas mais do Sandro
Xavier Frías Conde 247-248

Procurando unha ollada lila
Noelia Gómez Calvo 249

Non só a lingua, tamén a inútil desobediencia nos achega ao que non somos
Antonino Nieto Rodríguez 251-253

Tales
Begoña Paz 255-259

O solpor do fracaso
Laura Piñeiro Pais 261

O vestido vermello da avoa Carmen
Vanesa Rodríguez Tembrás 263-266

Tales
Domingo Villar 267-268

THEATER

Atracos
Roi Vidal 269-275

Translation

Konstantinos Jatzopoulos: "Non busco o alleo"
Victoria Leng 277-278

"O último verán" by Mauro Corona
Alessandro Zamengo, Giada Giacomel and Giulia Scalco 279-285

Interview

Úrsula Heinze. A Trip to Reality
Lidia Teixeiro 287-291

Reviews

Luna Alonso, Ana *et al.* (2015) (eds.): *Literaturas extrajeras y desarrollo cultural: hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega*
Lúa Cruz Fernández 293-295

Fernández Naval, Francisco X. (2014): *O soño galego de Julio Cortázar*
María Curros Ferro 295-297

VV.AA. (2013): *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, nº 15
Alba Diz Villanueva 297-298

Acuña, Ana (ed.) (2014): *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*
Alba Diz Villanueva 298-299

López Casanova, Arcadio (2014): *As voces da máscara (2006-2014)*
Modesto Hermida 299-302

Reimóndez, María (2009): *Pirata*
Ánxela Lema París 302-303

Llorca, Jorge (2014): *O violín de Rembrandt*
Xosé Antonio López Silva 303-304

Yáñez Jato, Rafael (2015): *Farewell*
Lidia López Teixeiro 304-305

Quintiá, Xerardo (2015): *O viaxeiro radical*
Lidia López Teixeiro 305-306

Fernández Paz, Agustín (2014): *A viaxe de Gagarin*
Lidia López Teixeiro 306-307

Alonso Montero, Xesús (2013): *Ricard Salvat (1934-2009) e o teatro galego*
Clara Isabel Marín García 308-309

Ramos, Baldo (2014): *Cartografía do exilio*
Isabel Mociño González 310-311

García Vega, Lucía (2014): *Rosalía de Castro e os lugares de Cantares gallegos*
Laura Piñeiro Pais 311-313

González Fernández, Helena and Cebreiro Rábade, María do Cebreiro (2012): *Canon y subversión. La obra narrativa de Rosalía de Castro*
Sebastian Stratan 313-315

Linguas en contacto na escrita electrónica galega: entre a Sociolingüística e a Pragmática

Language Interaction in Galician Electronic Writing. A Sociolinguistic and Pragmatic Approach

Estefanía Mosquera Castro

Universidade da Coruña
Departamento de Didácticas Específicas

e.mosquera@udc.es

[recibido 11/03/2015, aceptado 18/07/2015]

RESUMO

A escrita electrónica configúrase na actualidade como unha modalidade gráfica de grande éxito que nos últimos anos comezou a ser albo de diversas investigacións lingüísticas. Porén, xulgamos que unha análise estritamente gramatical, desvinculada do medio social en que se utiliza é insuficiente para entendermos este fenómeno en toda a súa complexidade. En consecuencia, no presente artigo examinamos as características desta modalidade atendendo aos condicionamentos sociolingüísticos que operan no caso galego. Concretamente, reparamos nas implicacións da situación de contacto e conflito lingüístico que existe entre o galego e o español, sinalamos as diversas motivacións da alternacia de código e das interferencias lingüísticas –nin sempre coincidentes coas que actúan na lingua común– e observamos que estas prácticas son o resultado da confluencia de factores sociolingüísticos con outros de natureza pragmática.

PALABRAS CHAVE: Sociolingüística, Pragmática, Escrita electrónica, Galego, Español.

RESUMEN

La escritura electrónica es en la actualidad una modalidad gráfica de gran éxito que en los últimos años comenzó a ser albo de diversas investigaciones lingüísticas. Sin embargo, un análisis exclusivamente gramatical, desvinculado del medio social en el que se utiliza, parece insuficiente para entender un fenómeno de tal complejidad. Consecuentemente, analizamos sus características en base a los condicionamientos sociolingüísticos presentes en el caso gallego. Así, examinamos las implicaciones de la situación de contacto y conflicto lingüístico entre el gallego y el español, señalamos las motivaciones de la alternancia de código y de las interferencias lingüísticas –que no siempre coinciden con las que operan en la lengua común- y observamos que estas prácticas son consecuencia de la confluencia de factores sociolingüísticos con otros de naturaleza pragmática.

PALABRAS CLAVE: Sociolingüística, Pragmática, Escrita electrónica, Galego, Español.

ABSTRACT

Electronic writing is now a highly successful graphical mode which has been studied by Linguistics in the last few years. However, a purely grammatical analysis and detached from the social environment in which it is used, seems insufficient to understand a phenomenon of such complexity. Consequently, we analyse its properties based on sociolinguistic constraints present in the Galician case. Thus, we examine the implications of the situation of linguistic contact and conflict between Galician and Spanish, we note the motivations of code-switching and code-mixing –which may not always match with those operating in the common language– and we observed that these practices are the result of the confluence of sociolinguistic and pragmatic factors.

KEYWORDS: Sociolinguistics, Pragmatics, Electronic Writing, Galician, Spanish.

ISSN: 1138-9664
http://dx.doi.org/10.5209/rev_MADR.2015.v18.51219

Mosquera Castro, E. (2015): "Linguas en contacto na escrita electrónica galega: entre a Sociolingüística e a Pragmática", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* (*Madr.*), 18: 73-82.

SUMARIO: 1. A escrita electrónica galega en contexto. 2. O contacto galego-español na escrita electrónica. 2.1. Cuestións de método. 2.2. Usos sociais e usos pragmáticos: unha mostra. 3. Conclusións. 4. Referencias bibliográficas. 5. Apéndice.

1. A ESCRITA ELECTRÓNICA GALEGA EN CONTEXTO

A Internet e os sistemas de interacción dixitais constituíron unha auténtica revolución no ámbito das comunicacións, mais tamén no social, e na actualidade conforman xa unha parte importante do noso día a día. Así, ao se tratar de medios eminentemente gráficos –aínda que cada vez cunha maior presenza de elementos icónicos–, a revolución afectou igualmente a esfera lingüística. Os horizontes de investigación nesta área están continuamente a se ampliaren non só polas posibilidades que este novo contexto ofrece para as linguas, mais sobre todo pola rapidez con que as tecnoloxías comunicativas se suceden e van deixando obsoletas as anteriores. Así por exemplo, as mensaxes de texto, que até non hai moito tempo era un dos medios de comunicación máis utilizados e un dos que máis debate suscitaba (Mosquera Castro 2013), constitúe hoxe en día un xénero textual en retroceso, que está a ser progresivamente reemprazado polos novos sistemas de mensaxaría instantánea como o Galegram, ao ofreceren maiores funcionalidades e menores restricións.

Non obstante, as tecnoloxías ao servizo da comunicación presentan un elemento común pois todas elas influíron no aparecemento de novas prácticas discursivas e na modificación da forma en que as persoas utilizan a lingua para interaxiren no soporte dixital. Neste sentido, a lingua dos chats (López Quero 2003), a linguaxe SMS (Crystal 2008) ou a modalidade comunicativa presente nas redes sociais e nos novos sistemas de mensaxaría móbil (Tascón e Abad 2011) constitúen variedades diatécnicas[1] dunha nova modalidade gráfica á que podemos referirnos como escrita electrónica[2]. Na nosa opinión a aparición de novos modos de interlocución e, en consecuencia, de modelos textuais e códigos lingüísticos novidosos exixen reflexión desde un prisma filolóxico e lingüístico. E nos últimos anos foron moitas as aproximacións que se teñen levado a cabo sobre este fenómeno, especialmente desde o marco das linguas maioritarias, cal o inglés ou o español e, na actualidade, comézase a falar cada vez máis dunha nova área da Lingüística centrada nestes pormenores (véxase Crystal 2011 e Yus 2010).

Mais con frecuencia, o interese fundamental destes traballos centrouse na descrición das súas propiedades textuais e gramaticais e na análise dos fenómenos lingüísticos que distancian esta variedade gráfica do código normativo. Porén, ao noso parecer, estudarmos a lingua nestes contextos desnvinculándoa do medio social en que esta é utilizada ofrecería unha imaxe parcial e sesgada da realidade. Por esta razón, consideramos que unha análise estritamente gramatical da escrita electrónica

[1] Seguindo a clasificación suxerida por Berruto (1987), Fiormonte (2003: 112) fai referencia a unha quinta dimensión da variación –para alén da diacrónica, da diatópica, da diastrática e da diafásica– á que denominar *diatécnica*, para aludir á variación provocada polo material tecnolóxico empregado como soporte da comunicación lingüística (carta, pedra, SMS, Chat etc.). No tocante a esta cuestión, o antecitado autor sinala que "il vantagio di immaginare un quinto e indipendente asse è quello di poter comprenderé al suo interno tipologie di supporti più complessi [...] che potrebbero essere analizzati a sé".

[2] Álvarez Martínez (2008: 105) explica a este respecto que "es precisamente el poder modalizador de la máquina lo que determina las propiedades textuales de estas producciones, las cuales formarían [...] una macroclase, denominada discurso electrónico, que, a su vez, se dividiría en subclases, que se corresponderían a los distintos géneros electrónicos".

non permite comprendermos totalmente este fenómeno. Así, do mesmo modo que é preciso xulgarmos o sistema de escrita reducida en función das propiedades do soporte en que este é vehiculado, será tamén necesario examinarmos as súas características atendendo aos condicionantes e ás subsecuentes implicacións do contexto sociolingüístico que operan en cada caso. A este respecto, a análise da lingua galega nestes novos espazos ofrece unha perspectiva diferente, a da lingua minorizada, en que non se pode obviar a situación de contacto e de conflito lingüístico que existe na Galiza entre o galego e o español, dado que como veremos nas seguintes páxinas presenta notábeis consecuencias na dita modalidade gráfica.

2. O CONTACTO GALEGO-ESPAÑOL NA ESCRITA ELECTRÓNICA

2.1. CUESTIÓNS DE MÉTODO E OBXECTIVOS

O presente traballo reflectirá, pois, sobre a complexidade lingüística que se atesta nas modalidades gráficas que se utilizan para a interacción dixital en contextos en que socialmente conviven dúas ou máis linguas e nas súas particularidades a respecto do que acontece na lingua común. Así, o centro de interese será fundamentalmente a análise da interferencia entre o galego e o castelán, mais tamén se estabelecerán, na medida do posíbel, pontes cos resultados apuntados para situacións lingüísticas similares noutros territorios, mais ou menos próximos, ou en que interveñan dúas ou máis variedades lingüísticas.

Os resultados que se ofrecerán para o galego derivan da análise exhaustiva dun corpus de 815 mostras de mensaxes de texto e dun cuestionario sobre as mensaxes de texto e a linguaxe SMS realizado en 2013 por 237 informantes repartidos por todo o territorio galego (Mosquera Castro 2013). A respecto do primeiro, cómpre indicarmos que está clasificado principalmente por idades (15-25, 25-40 e +40) e subclasificado en función do sexo para que nos permitise, para alén dunha análise de tipo lingüístico, máis unha de carácter sociolóxico. Así mesmo, do citado inquérito, que ten como obxectivo coñecer a opinión dos utentes da lingua sobre este fenómeno lingüístico, analizaranse tan só aquelas cuestións relativas ao uso e ás causas da presenza doutras linguas en mensaxes electrónicas escritas en galego, mais especialmente a do español.

2.2. USOS SOCIAIS E USOS PRAGMÁTICOS: UNHA MOSTRA

O contacto entre dúas ou máis linguas, ben a través da alternancia de códigos, ben a través de interferencias é, consoante sinala Wanji (2009), "a comon linguistic behaviour in multilingual settings", e a Galiza non constitúe unha excepción ao respecto. De feito, a introdución de estranxeirismos documéntase desde os primordios da historia das linguas. Na literatura galega do XIX podemos encontrar diversas composicións en que o uso de estranxeirismos é certamente significativo (Freixeiro Mato, Sánchez Rei e Sanmartín Rei 2005: 734-740). Porén, o desenvolvemento das tecnoloxías e as facilidades comunicativas que ofrece a Internet e os novos sistemas de interacción dixital favorecen un maior contacto lingüístico, non só con idiomas próximos do punto de vista xeográfico, como o español, mais tamén con outros máis afastados do noso territorio, como o inglés.

A este respecto, a lingua inglesa é no corpus manexado e en grande parte da escrita electrónica aquela que asume o papel máis importante, a pesar de que tamén atestamos, de forma moito máis minoritaria, usos do catalán ou do italiano. Con todo, non é complexo entendermos a súa preeminencia: trátase dunha das linguas de comunicación internacional, do idioma vehicular dos avanzos en materia tecnolóxica e das primeiras mostras de escrita electrónica. A súa popularidade xustifica o seu uso desmedido, ao tempo que a súa presenza –igual que a doutras linguas– contribúe para engadir certos matices estilístico-expresivos aos textos (Freixeiro Mato 2013: 210). A teor dos resultados da enquisa, máis do 45% das persoas entrevistadas afirmaba utilizar de forma habitual estranxeirismos na interacción electrónica e as razóns que achegaron para xustificar este uso foron principalmente tres, por orde de preferencia: i) a énfase, ii) a economía lingüística e iii) a informalidade do contexto.

Expresividade, xogo lingüístico, diversión, complicidade, moda ou sonoridade foron algúns dos calificativos empregados para se referiren á primeira das motivacións[3].

Na Galiza, o prolongado e desigual contacto entre o galego e o español tivo notábeis repercusións para o idioma propio do país, que ficou restrinxido durante moito tempo á oralidade e aos contextos privados e informais e que sufriu unha notoria españolización nos diferentes niveis gramaticais[4]. Os fenómenos derivados do contacto son doadamente detectábeis nas prácticas lingüísticas cotiás das persoas galegofalantes, nomeadamente a nivel lexical e en contextos de interacción oral. E, neste sentido, os sistemas de mensaxaría instantánea, as redes sociais ou as xa case obsoletas SMS, a pesar de seren modalidades de comunicación gráfica, manifestan moitas propiedades da oralidade e encóntranse circunscritas a contextos de interacción informal, motivo por que será tamén frecuente verificarmos diversas propiedades lingüísticas derivadas do contacto entre as dúas linguas.

Porén, o realmente interesante destes contextos de interacción non é só a permeabilización dunha realidade sociolingüística patente, como pode ser o uso de dialectalismos propios da súa zona por parte dunha persoa de Muxía, poñamos por caso, ou a presenza de diversos españolismos na súa praxe lingüística como resultado da situación diglósica da Galiza. O significativo destas prácticas é constatarmos que na maioría dos casos as motivacións non se fundamentan, cando menos de forma exclusiva, nesa reprodución de actitudes lingüísticas, mais que, contrariamente, están xustificadas, en moitos casos, por cuestións de natureza pragmática. Reparemos en que a escrita electrónica nace como resultado da adaptación a un novo contexto con características espacio-temporais e expresivas certamente limitadas e, por esta razón, desenvolveu numerosos mecanismos de simplificación e de marcaxe paraverbal. Da mesma maneira, as persoas galegofalantes empregan de forma deliberada as variedades dialectais –sexan ou non propias da súa zona– ou, no caso que nos ocupa, as diversas linguas que dominan, ben como mecanismo de redución ou ben como estratexia expresiva.

E neste punto vira importante o concepto de *experiencia* tal e como é formulado en Cortés Conde (2010: 4), quen sinala que a pesar das gramáticas prescritivas ou das clasificacións que adscriben unhas estruturas lingüísticas a unha rexión concreta ou a unha variedade determinada, a lingua non pode divorciarse da experiencia, dado que esta é a que, en definitiva, comunicamos. Isto é o que explica, entre outras cuestións, que escritores galegos decimonónicos utilizasen variedades propias doutras zonas ou doutros autores nos seus textos. Trasladados ao contexto electrónico, o usuariado recorrerá en ocasións á experiencia que ten da lingua ou das linguas –non só da que utiliza habitualmente– se esta ou estas lle serven para unha determinada finalidade comunicativa: síntese, énfase, complicidade ou simplemente diversión.

De acordo con Cassany, Sala Quer e Henández (2008), a diseminación das TIC multiplicou as posibilidades e as funcións do que eles denominan prácticas vernáculas, quere dicir "formas autoxeradas de utilizar a escrita que desenvolven as persoas alfabetizadas, máis alá dos usos públicos, institucionalizados e lexitimados". Ao constituír un fenómeno

[3] A terceira das causas, a informalidade do contexto, é tamén unha das claves por que o soporte electrónico constitúe un medio propicio para as persoas usuarias vehiculizaren e visibilizaren os trazos lingüísticos diatópicos que non fan parte do modelo padrón de lingua e, neste sentido, concordamos con Crystal (2008: 62) en que "text dialectology is going to be a big subject one day".

[4] De feito, nos últimos anos publicáronse diversos manuais (véxase Sanmartín Rei 2007, Freixeiro Mato 2009 e Callón 2012) que analizan esta situación e que propoñen alternativas para conseguiren un galego de calidade, libre de interferencias.

voluntario que non vén imposto por ningún axente externo –escolas, academias etc.– goza de maior liberdade, de maior creatividade e pode dar pé a novos tipos de prácticas letradas. O vernáculo é humorístico, irreverente e deliberadamente alternativo. Neste contexto, a competencia en máis dunha lingua outorgará ao usuariado novas oportunidades para ser subversivo e creativo.

Voltándomos aos resultados do inquérito, a pesar de que a introdución de estranxeirismos é abalada polo 45% dos informantes, tan só o 22% das persoas entrevistadas declara utilizar o galego e o español conxuntamente nas súas interaccións electrónicas. No entanto, as motivacións que, na súa opinión, xustifican estes usos son similares ás apuntadas para outras linguas: en primeiro lugar, destácase o seu carácter funcional e utilitario, quere dicir, utilízase a alternancia cando unha das dúas linguas se adapta mellor á finalidade procurada pola persoa emisora. Así, o 47,8% deste sector afirma mudar de lingua cando unha permite abreviar máis do que a outra. A expresividade conforma, igualmente, un argumento de grande peso. En moitos casos o español é utilizado por motivos lúdicos e enfáticos: o humor a diversión, a brincadeira, a ironía e o sarcasmo constitúen as principais potencialidades sinaladas polo usuariado galego.

E aínda que estas son as finalidades máis destacadas, a situación de prolongado contacto entre unha e outra lingua provoca que algunhas outras motivacións de natureza sociolingüística entren tamén en xogo. De feito, algunha das persoas entrevistadas parece apuntar para estas cuestións ao afirmar que en contextos informais é habitual a mestura e que, por tanto, en ocasións, a escrita electrónica non fai máis do que reproducir estas prácticas lingüísticas. Outras veces, os informantes xustifican o uso do español por descoñecemento da forma galega correspondente, o que non deixa de ser máis unha consecuencia da situación diglósica da Galiza (Freixeiro Mato 1997).

Os exemplos do noso corpus corroboran, en liñas xerais, as actitudes lingüísticas sinaladas polas persoas entrevistadas e polos antecitados autores. Así, a presenza conxunta das dúas linguas pode atestarse no 14,5% dos textos que forman a mostra. Nela documentamos tanto casos de interferencias como de alternancia lingüística. As motivacións son idénticas que as que se extraen do inquérito e así distinguimos tres grupos: o da simplificación, o da expresividade e un terceiro en que se incluirían aquelas mostras máis evidentes da influencia que exerce o español sobre a lingua galega. E aínda que estas tres categorías son facilmente perceptíbeis no corpus, nin sempre o é adscribirmos os casos concretos a unha ou outra, como agora veremos. En relación ao primeiro grupo, o da simplificación, achamos exemplos máis ou menos evidentes en que o españolismo responde a unha vontade redutora, normalmente como resultado do uso dalgúns mecanismos de abreviación máis rendíbeis para determinadas estruturas nesoutra lingua. Vexamos algúns exemplos:

1) Non ntndo xq t pos asi xq nn xo dixn x mal xo d **todas formas** sintoo s t ofndin. Non m gusta star asi kntig. Querote m8. Xps

2) Fliz ano 2011 a todos e q o pasdes **dpm** nstas grndes festas cheas d algria!

3) ok! Se podo **tb** xe scribo un emilio! Non sei s n galego ou en machupino, dpndra de km d fluido sexa ste ultimo! XD Xa tams n madri komiditos e ate as 5 non saims!

4) Felices festas e bo ano novo para **to2**!! m88 bicos guapos, amobos a todos **aora** d botellon

En 1 destaca a eliminación do artigo que xunto coas preposicións e as conxuncións conforma unha das estratexias de simplificación da sintaxe máis habituais no corpus, tamén para as mensaxes que non manifestan interferencia doutras linguas. Con todo, ao se tratar dun fenómeno relativamente frecuente na lingua común hai que analizalo con certa prudencia (véxase Freixeiro Mato 2009: 127). Pola súa parte, en 2 observamos o uso da abreviatura DPM ("de puta madre") que dificilmente aludiría á versión galega desta expresión e que, en todo o caso, non deixaría de ser un calco do español. A súa recorrencia nas mensaxes que manexamos xustifícase pola súa rendibilidade para facer referencia a un estado de ánimo de euforia e exaltación que non encontra un equivalente tan reducido en galego e que estaría

a substituír a formas propias como *xenial*, *fenomenal* ou *estupendamente*; en todas elas é evidente a diferenza no número de caracteres.

En 3 encontramos unha outra abreviatura española de grande utilidade no corpus, *tb* que substitúe o adverbio de afirmación *también* (*tamén*) e que nesa lingua conta cun alto grao de consolidación. Se cadra é isto, a súa fixación, o que xustifica que a forma española apareza no 39,2% das ocasións, porque a mostra manexada tamén nos permitiu observar unha crecente presenza da alternativa galega *tm* (10,7%) a convivir con solucións intermedias como *tamn* (10,7%) ou *tmn* (7,1%). Xulgamos, por tanto, que ao non estaren as formas galegas demasiado consolidadas e ao ser o grupo consonántico *tm* moi habitual –como resultado das elisións vocálicas- o usuariado galego prefire a solución espúrea como mecanismo de redución. En 4 vemos o uso do españolismo *ahora* que ao elidir a consoante muda presenta vantaxes similares aos casos anteriores na medida en que permite gañar espazo, ao contrario da forma galega en que se manteñen todos os elementos gráficos. Non obstante, esta solución constitúe, segundo os expertos (Freixeiro Mato 2009: 115; Parga Valiña 2004: 550), unha das interferencias máis consolidadas na lingua, polo que convén analizármola tamén con certa cautela. A ausencia de máis españolismos e a proliferación de moitos mecanismos de simplificación nas mensaxes analizadas lévanos a decantarnos pola hipótese reducionista.

De feito, neste mesmo texto, aparece un outro españolismo como recurso de simplificación: o uso do numeral *2* co valor fónico que presenta nesoutra lingua, isto é, "*dos*". O usuariado é consciente da rendibilidade dos numerais e utilízaos tamén cando redixe fragmentos en inglés, nesta ocasión para substituír a secuencia "*to*" ou mesmo "*too*":

> 5) Boas noits pk! Dim x sms a k hora m piyas maña, adaptome ao q m digas, e xa falams q agora nn pdo. Spro q tivss 1bo dia. Qtm8 wapa! **C u 2morrow**

> 6) Maña d 10:30 a 12:30 dou a miña 1a klase! Stou nerviosiya! Jeje! Pois s t pasas x ali xa che knto tdo, tdo! Ti q tal? **I MISS U 2**! xa diras! Boas noits baby!

E aínda que aquí o uso do numeral non pode considerarse estritamente un caso de alternancia, Crystal (2008: 134-135) documenta para o galés exemplos similares en que se observa como o usuariado desta modalidade gráfica aproveita o coñecemento da lingua dominante, neste caso o inglés, para o seu propio beneficio. Un exemplo de contacto lingüístico sería o uso de *9* para a expresión coloquial galesa *nain* (avoa), onde se utiliza a pronuncia inglesa do numeral para representar unha palabra do galés con que coincide desde a perspectiva fónica. E un fenómeno similar ocorre co símbolo da @, que é utilizado no galés co valor fónico do inglés, quere dicir, "at": deste modo, *@f* úsase para *ataf* (*para min*), entre outros.

A escrita bilingüe con estas finalidades sempre existiu. Moitos estudantes anglófonos aprenderon latín e, porén, encontraban divertido xogos lingüísticos como "*Caesar adsum jam forte – Antonius sed passus sum*" que en latín non ten sentido, mais que o cobra cando as sílabas son interpretadas en inglés "*Caesar had some jam for tea – Antonius said pass us some*". E nun contexto en que o contacto é tan intenso como o galego, estas prácticas non se fixeron esperar. De feito, o uso de españolismos con finalidade expresiva ou estilística documéntase xa no galego literario (Freixeiro Mato 2013: 213-217). E neste punto, aínda que tamén existen casos de interferencia, é moito máis efectiva a alternancia de códigos.

En relación coa primeira, isto é, a interferencia, é interesante o uso de sufixos apreciativos do español. O uso de determinados afixos serve en todo o corpus para atenuar a forza ilocutiva dun enunciado, para protexer a imaxe da persoa receptora ou simplemente para crear un ambiente cómplice e próximo coa interlocutora. O uso de sufixos en español parece acentuar estes valores, como resultado da situación diglósica en que a lingua teito se considera máis útil. A aparición doutras estratexias de expresividade nas mesmas mensaxes, como as maiúsculas, a puntuación expresiva ou as onomatopeas, son máis unha mostra da carga enfática do texto (véxase Mosquera Castro 2012):

> 7) Maña d 10:30 a 12:30 dou a miña 1a klase! Stou **nerviosiya**! Jeje! Pois s t pasas x ali xa che knto tdo, tdo! Ti q tal? I MISS U 2! xa diras! Boas noits baby!

8) Peque! q tl? dieg marxa mercors pa canad. so pod qdar maña a maña, asiq qdams 11.30 no meu prtal pa tmar kfe (tm cn san [Sandra]) podes vir? senn pdms qdar ns knd digas! **Bsit**

9) **Oyeeee**! Q tal oxe? Puxechete **wapeta**? Sakarnch fotos? Knta knta! Bks chorvi

A respecto da alternancia, concordamos con Cassany, Sala Quer e Henández (2008) en que a indignación e o enfado son dúas das emocións que con máis frecuencia provocan a aparición do español. En 10 e en 11 a presenza de léxico en español malsoante e de termos relacionados con esa situación de malestar é evidente e contrasta co uso do galego en enunciados cun ton máis familiar, afectivo e cómplice:

10) **N stoy kbreada kntigo, stoy kbreada y punto, ya s q no lo icist a proposito OBVIAMENTE. Tuve q djar los fisos puestos n varios sitios** pa q nn kaese. Perdoa q as pagase kntigo. Ven maña xfa!

11) Meternm outra multa en FENE! Tivo q ser kndo fun vr a meu pai ao ospital, xq senn nn o entnd! **Me kago n tdo jodr. Kn esa pasta ya pagab l otel**! N fines.. KAKA

Trátase dunha forma de desmarcarse do contido máis negativo a través da mudanza de código, que funciona nese sentido de forma similar ao uso de eufemismos[5]. E o mesmo acontece cando parte da mensaxe presenta un alto contido erótico ou certa picardía, como en 12, ou mesmo cando, contrariamente, a intención é sarcástica, como en 13, en que se xoga coa polémica sobre o topónimo da Coruña.

12) I miss u everyday baby! jaja! A vrdad e q staba n clase e pnsando n Madrid! **oye si t rgalo lncria fina ivan n se nfad no?** jajaja! Boa viaxe de volta! Muaka![6]

13) eiiiii felices feeessstass a todosss. Logo unhas cañitas e unhas olivas **en la coruña** omeee!!!!xDDDD Feliz Nadal!!

Esta dicotomía contido negativo / contido positivo está tamén presente en 14, máis a alternancia opera neste caso de modo inverso: galego para o primeiro, español para o segundo. E aínda que contraste cos exemplos anteriores, tamén non resulta sorprendente de atendermos á distinta consideración social de ambas as linguas, isto é, galego como lingua minorizada e español como dominante e os subsecuentes preconceptos que de aí se derivan (Costas González 2010). De feito, a mensaxe pertence ao grupo de idade +40, faixa etaria en que máis asentada está esta clase de preconceptos:

14) nos saimos agora d funeral…**vamos en camino d ver a las meyizas**…d momnto nn temos gripe asi k na mnds p aki..meyorate bksss

E en último lugar, convén salientarmos a terceira hipótese, quere dicir, a presenza de españolismos consecuencia da presión e da interferencia do español na nosa lingua. Na escrita electrónica o discurso é eminentemente espontáneo e irreflexivo e reproduce os fenómenos propios da oralidade e dos rexistros coloquiais, niveis en que os españolismos son infelizmente aínda moi habituais (Parga Valiña 2004: 547). Así, documentamos ocorrencias no plano gráfico, como en 15; no morfolóxico, sobre todo no relativo ás cuestións de xénero e número no substantivo, como en 16 ou 17; no sintáctico, especialmente no que respecta aos pronomes átonos e á súa colocación, como en 18; e principalmente no lexical. Debido ao contexto en que se producen as mensaxes electrónicas, os campos semánticos en que o español se manifesta con maior profusión no corpus son o dos días da semana, o vocabulario relixioso e as festividades, como revelan 19, 20 ou 21:

---

[5] Para Montero (1981: 77), o problema do eufemismo é unha cuestión de asociacións. Así, os falantes, no seu afán de as evitaren, utilizan todas as posibilidades que a lingua lles ofrece e o uso doutras linguas é unha delas.

[6] Nesta mesma mensaxe podemos ver tamén que se prefire o inglés como medio para expresar un enunciado de contido afectivo como "Bótote de menos rula", de modo que aquí a alternancia non é só galego / español, mais galego / español / inglés.

15) **Hola**, k tal? O sabado 26 celebramoslle o cumple a Teo. Estaredes libres para vir a comer? Bicos

16) Ou vas na playa por casualidd!!!! o dia 11d agsto e o cmple d xiana….xa t aviso pa k nn fagas **planes**!!!!

17) Resultado **dos analisis**: stou kañon! Jeje!

18) Faltanme as horas! Moitas! Jajaja. E o que te dixen, ao mellor esta semana me sae todo xenial e si que teño tempo, mais non podo arriesgarme a dicir que si e logo non poder

19) ahhhh olvidouseme decir k empezei a trabayar o **viernes** en curtis….dous meses….

20) sn **dios**!!!acbous o 2010!!!buen¡ crall!!!aor xegn as berbens, as cargdeirs, as rescas...en resumn, a boa vid!!!b ndal!!!

21) Ola…como vai a situacion por ai??? o martes vamos facer uns **carnavales** a ver si podedes vir comer!!!! Bkssss

A convivencia desigual durante tanto tempo provoca que se produzan interferencias en moitas outras esferas de uso, das que tamén poden dar testemuño as mensaxes electrónicas compiladas. Neste sentido, concordamos coa opinión de Parga Valiña (2004: 557) cando indica que "o corpus de castelanismos existentes no galego é moi amplo e non todos son de doada clasificación". En calquera caso, o que si podemos afirmar a respecto do último grupo de exemplos é que a introdución deste tipo de interferencias non presenta, como nos casos anteriores, unha motivación consciente de simplificación, ao conteren nomalmente máis caracteres; ou de expresión, ao non contribuíren para enfatizaren ou matizaren un determinado enunciado.

3. CONCLUSIÓNS

Como puidemos observar, a escrita electrónica non escapa á interferencia do español, sexan cales foren as razóns que motivan a súa aparición e, neste sentido, a esfera dixital é tamén reveladora das repercusións do contacto lingüístico nos textos galegos. Nestes casos será necesario incidirmos na súa ilexitimidade e eliminarmos estas prácticas da nosa praxe diaria, xa que non contribúen máis do que para afianzar o proceso de deturpación lingüística do galego. Porén, consideramos un dato moi positivo que o 77% das persoas entrevistadas afirmen non mesturaren ambas as linguas e que a porcentaxe de inteferencia no corpus sexa tan só de 14,5%, parte da cal responde, como vimos, a usos conscientes condicionados por unha finalidade específica do usuariado e non unicamente a usos irreflexivos produto da presión da lingua dominante. Así, as persoas galegofalantes aproveitan o dominio que teñen nas dúas linguas (ou en máis de dúas) para lles tirar a maior rendibilidade ás aplicacións dixitais, plataformas en que a celeridade e a marcaxe paraverbal son aspectos tremendamente valorizados.

E aínda que a situación sociolingüística difira daquela que presenta a introdución doutro tipo de estranxeirismos, para a cal é posíbel aducirmos con maior seguridade razóns de tipo exótico, os exemplos demostran que, en liñas xerais, a presenza do español na escrita electrónica en galego está asumindo funcións diferentes ás que actúan na lingua común e que revelan un alto grao de pragmatismo e unha grande competencia lingüística por parte do usuariado, moito máis evidente nos casos en que esa outra lingua non corresponde ao español, debido ás diferentes implicacións sociais dunhas e doutras. En todo o caso, a alternancia de códigos con todos os matices que permite achegar ao texto escrito é celebrada no contexto electrónico e configúrase como máis unha estratexia para o usuariado ser deliberadamente subversivo, transgresor e creativo. Na medida en que sexamos quen de discriminarmos as motivacións que descansan tras estas prácticas lingüísticas estaremos tamén recoñecendo a vitalidade das linguas e especialmente dos seus falantes, que son quen de adoptaren e de adaptaren os seus coñecementos lingüísticos ás novas necesidades comunicativas.

4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Álvarez Martínez, Sara (2008): *Interacciones sincrónicas escritas en línea y aprendizaje del español: caracterización, perspectivas y limitaciones*. Tese de doutoramento. Lleida: Universidade (edición electrónica: http://www.galanet.eu/publication/fichiers/Alvarez2008_tesis.pdf) [consulta 31/01/2015].

Berruto, Gaetano (1987): *Sociolinguistica dell'italiano contemporaneo*. Roma: Best M.

Callón, Carlos (2012): *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez*. Vigo: Xerais.

Cassany, Daniel, Joan Sala Quer e Carme Hernández (2008): "Escribir "al margen de la ley": prácticas letradas vernáculas de adolescentes catalanes", en A. Moreno Sandoval (coord.), *El valor de la diversidad (meta)lingüística. Actas del VIII Congreso de Lingüística General* (25-28/6/2008). Madrid: Universidad Autónoma (edición electrónica: http://www.lllf.uam.es/clg8/actas/pdf/paperCLG21.pdf) [consulta 07/12/2014].

Cortés Conde, Florencia (2010): "El lenguaje en Internet. La búsqueda de la lengua perfecta y el miedo a los nuevos medios", en *Diego Levis. Comunicación & Educación* (edición electrónica: http://www.diegolevis.com.ar/secciones/Articulos/cortesconde.pdf) [consulta 13/12/2014].

Costas González, Xosé Henrique (2010): *55 mentiras sobre a lingua galega*. Ames: Laiovento.

Crystal, David (2008): *Txtng: The Gr8 Db8*. Oxford: Oxford University Press.

——— (2011): *Internet Linguistics: a student guide*. Abingdon / Oxon / New York: Routledge.

Fiormonte, Domenico (2003): *Scrittura e filologia nell'era digitale*. Milano: Bollati Boringhieri Editore.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1997): *Lingua galega: normalidade e conflito*. Santiago de Compostela: Laiovento.

——— (2009): *Lingua de Calidade*. Vigo: Xerais.

——— (2013): *Estilística da lingua galega*. Vigo: Xerais.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón, Xosé Manuel Sánchez Rei e Goretti Sanmartín Rei (2005): *A lingua literaria galega no século XIX*. A Coruña: Universidade, Servizo de Publicacións.

López Quero, Salvador (2003): *El lenguaje de los "Chats": aspectos gramaticales*. Granada: Port-Royal.

Montero, Emilio (1981): *El eufemismo en Galicia (Su comparación con otras áreas romances)*, *Verba. Anuario galego de filoloxía* (Anexo 17). Santiago de Compostela: Universidade.

Mosquera Castro, Estefanía (2012): "Novos retos da Lingüística: as textualidades electrónicas. Consideracións sobre a escrita dos chats e das SMS", *LLJournal. The Journal of the Students of the Ph.D. Program in Hispanic and Luso-Brazilian Literatures and Languages* 7 (1) (edición electrónica: http://ojs.gc.cuny.edu/index.php/lljournal/article/view/1147/1250).

——— (2013): "A escrita SMS desde a perspectiva dos seus utentes. Unha achega sobre a lingua galega", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 16, pp. 63-71.

Parga Valiña, Miruca (2004): "A interferencia lingüística no galego oral", en R. Álvarez, F. Fernández Rei e A. Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: Historia e Actualidade*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, vol. 1, pp. 547-558.

Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2007): *Sobre a calidade da nosa lingua*. A Coruña: Universidade.

Tascón, Mario e Mar Abad (2011): *Twittergrafía. El arte de la nueva escritura*. Madrid: Catarata.

Wanji, Elvis (2009): "The Sociolinguistics of Mobile Phone SMS Usage in Camerron and Nigeria", *The International Journal of Language Society and Culture* 28, pp. 25-41.

Yus, Francisco (2010): *Ciberpragmática 2.0. Nuevos usos del lenguaje en Internet*. Barcelona: Ariel.

5. APÉNDICE. ÍNDICE DAS MENSAXES DE TEXTO UTILIZADAS E TRANSCRITAS NA MODALIDADE ESTÁNDAR

1) Non entendo por que te pos así porque non cho dixen por mal, pero de *todas formas* síntoo se te ofendín. Non me gusta estar así contigo. Quérote moito. Xuntos para sempre.

2) Feliz ano 2011 a todos e que o pasedes *de puta madre* nestas grandes festas cheas de alegría!

3) De acordo. Se podo tamén che escribo un emilio. Non sei se en galego ou en machupino, dependerá de como de fluído sexa este último. XD. Xa estamos en Madrid *comiditos* e até as 5 non saímos.

4) Felices festas e bo ano novo para todos! Moitos bicos, guapos; ámovos a todos, *ahora* de botellón.

5) Boas noites peque! Dime por SMS a que hora me pillas mañá, adáptome ao que me digas, e xa falamos que agora non podo. Espero que tiveses un bo día. Quérote moito guapa. *See you tomorrow.*

6) Mañá de 10:30 a 12:30 dou a miña primeira clase! Estou *nerviosilla*! Jeje! Pois se te pasas por ali xa che conto todo, todo! Ti que tal? I miss you too! Xa dirás! Boas noites baby!

7) Maña de 10:30 a 12:30 dou a miña primeira clase! Estou *nerviosilla*! Jeje! Pois se te pasas por ali xa che conto todo, todo! Ti que tal? I miss you too! Xa dirás! Boas noites baby!

8) Peque! Que tal? Diego marcha o mércores para Canadá. Só pode quedar mañá á mañá, asi que quedamos ás 11:30 no meu portal para tomar café (tamen con Sandra). Podes vir? Se non podemos quedar nós cando digas. *Besitos*.

9) *Oye*! Que tal hoxe? Puxéchete guapeta? Sacáronche fotos? Conta conta. Bicos chorvi.

10) *No estoy cabreada contigo, estoy cabreada y punto. Ya sé que no lo hiciste a propósito, obviamente. Tuve que dejar los fisos puestos en varios sitios para que no cayese*. Perdoa que as pagase contigo. Vén mañá porfa!

11) Metéronme outra multa en Fene. Tivo que ser cando fun ver ao meu pai ao hospital, porque se non non o entendo. *Me cago en todo, joder! Con esa pasta ya pagaba el hotel*. En fin...caca.

12) *I miss you everyday baby!* jaja! A verdade é que estaba en clase e pensando en Madrid. *Oye, si te regalo lencería fina Iván no se enfada no?* Jajaja! Boa viaxe de volta. Bicos.

13) Hei! Felices festas a todos. Logo unhas *cañitas* e unhas olivas *en la Coruña*, home! XDDD Feliz Nadal!

14) Nós saímos agora do funeral, *vamos en camino de ver a las mellizas*. De momento non temos gripe, así que non a mandes para aquí. Mellórate. Bicos.

15) *Hola*, que tal? O sábado 26 celebrámoslle o *cumple* a Teo. Estaredes libres para *vir a comer*? Bicos.

16) Ou vas na *playa* por casualidade? O día 11 de agosto é o *cumple* de Xiana. Xa te aviso para que non fagas *planes*.

17) Resultado *dos análisis*: estou cañón! Jeje!

18) Fáltanme as horas! Moitas! Jajaja. E o que *te* dixen, ao mellor esta semana *me sae* todo xenial e si que teño tempo, mais non podo *arriesgarme* a dicir que si e logo non poder

19) ahhhh olvidóuseme *decir* que empecei a traballar o *viernes* en Curtis….dous meses….

20) san *dios*!!! acabouse o 2010!!! *bueno* carallo!!! *ahora* chegan as berbenas, as cargadeiras, as resacas...en *resumen*, a boa vida!!! bo nadal!!!

21) Ola. Como vai a situación por aí? O martes *vamos* facer uns *carnavales* a ver *si* podedes vir comer. Bicos.